

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA


C4-B-I-22

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre o descenso demográfico. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

A mentalidade consumista do aquí e agora casa mal con proxectos a longo prazo, como ter fillos



Galicia encadea décadas de descenso demográfico, de feito, a taxa de natalidade actual é de 6,14 nacementos por cada 1.000 habitantes, a metade que en 1982. No que vai de século esta conta supón 190.704 falecementos máis que nacementos, circunstancia que pesa notablemente para que os demógrafos tracen un futuro a cincuenta anos vista que situaría a comunidade nos 2 millóns de habitantes en lugar dos 2,7 actuais. Que facer ante esta realidade, só paliada pola chegada de poboación migrante procedente doutras partes do mundo?

Falamos con Alberto Saco Álvarez, profesor de Socioloxía na Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, autor de numerosas investigacións sobre demografía, natalidade e despoboamento.

Como se frea a caída demográfica e o envellecemento xeral da poboación que se dá en moitas zonas de Galicia?

É moi difícil inverter unha tendencia que ten unha inercia de moitos anos. E tampouco reviste gravidade en si mesma. O avellentamento é en termos relativos, pero non

porque aumente a poboación de maiores senón porque hai un descenso da natalidade moi acusado e estes representan unha porcentaxe maior. O problema está nos desequilibrios e no despoboamento de extensas zonas do territorio susceptibles de seren poboadas e que contan con recursos para acadar un bo nivel de vida.

Como se ataca este problema, en concreto, nas zonas rurais, que teñen circunstancias específicas?

Basicamente hai que crear as condicións para poder ter unha base produtiva que permita a supervivencia dos sectores de transformación e dos servizos para a poboación. Tamén a forma na que se leva organizando a produción, en pequenas unidades familiares, ten que dar paso a fórmulas de traballo asociado como o cooperativismo. Por outra banda, nestas áreas despoboadas queda un inmenso parque de vivendas que, ademais, constitúe unha parte moi importante do noso patrimonio cultural.

Incides en que a clave está en levar a cabo políticas globais, no fortalecemento do estado do benestar, e non só en medidas puntuais de fomento á natalidade. É así?

Exactamente. As políticas demográficas en sentido estrito non acadan grandes resultados se non veñen acompañadas por medidas integrais de apoio ás familias (non necesariamente en cartos, senón en tempo), de protección da infancia, de mellora da condición social da muller, de xeración de postos de traballo e de expectativas da viabilidade económica das novas familias. Os servizos educativos, sanitarios e sociais requiren un mínimo de poboación para seren máis eficientes. Se a poboación diminúe, os servizos tamén, e viceversa.

Ti defendes que unha clave moi importante está en cambiar as prioridades da sociedade, aquilo onde radica a felicidade, poñendo outros elementos por riba do que hoxe é considerado o máis importante: o inmediato, o consumo... Como afecta isto a natalidade?

Dun xeito tremendo. Os demógrafos analizamos isto friamente, pero ten que ver cos sentimentos da xente, cos seus medos, desexos e expectativas. En definitiva, coa súa visión do mundo, polo que non é un problema meramente económico. Efectivamente, hoxe en día ter fillos supón una redución tremenda da capacidade de consumo de bens para gozo propio. Ademais do que sempre supuxo en responsabilidade, ter fillos nestes tempos supón estar dispostos a acadar unha calidade na crianza moi alta co seu correspondente prezo económico e en tempo non remunerado. E é case imposible acadalo sen un apoio externo, xa sexa familiar, comunitario, privado ou público.

Así mesmo, temos o caso contrario, xente na que a mentalidade consumista tamén se reflicte na decisión de ter ou adoptar fillos, como un complemento máis do fogar, pero, sinceramente, como marca de *status* sae moi cara e non é unha decisión racional para a maior parte da poboación. E por último, esa mentalidade do *aquí e agora* na que nos teñen socializados como consumidores casa moi mal con proxectos a longo prazo. Na

miña opinión, esta pauta cultural de busca de gratificación inmediata está a afectar a todos os ámbitos da sociedade dun xeito moi negativo.

Os movementos migratorios que tiveron lugar hai un século ou nos anos 50 e 60 tiveron un impacto sobre a demografía diferente ao que pode ter a actual emigración de Galicia a outros territorios?

Por suposto. Daquela tratábase de emigración *de aluvión*, moi importante en efectivos pero de moi baixa cualificación. Hoxe en día trátase máis ben dun proceso de mobilidade xeográfica en que os efectivos que emigran son moito menores, pero con altas cualificacións porque non hai mercado para eles no territorio de orixe.

A inmigración pode ser a solución ao problema demográfico galego e ao envellecemento?

Pois en parte si. Sería o xeito de fixar poboación *autóctona* con altas cualificacións, porque se non hai quen faga certo tipo de traballos a pirámide social perde pé. A experiencia en países de inmigración é que os inmigrantes dinamizan a economía e danlle moitos máis beneficios ao país que gastos. Pero non só iso. O ingreso de efectivos na base da pirámide ocupacional permite xerar novos postos de traballo e máis cualificados, e o ascenso social da poboación que acolle eses inmigrantes.

Pero independentemente da orixe xeográfica ou cultural da xente, os inmigrantes adoptan o comportamento demográfico do país de acollida na segunda xeración e non teñen máis fillos que o resto. A pregunta clave que deberíamos tratar de responder entre todos é: Por que a xente nova, inmigrante ou non, non ve atractivo ter fillos?

Texto adaptado de Praza.gal

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ Cal é a situación demográfica de Galicia na actualidade? ■ Como se pode reverter o despoboamento do rural galego? ■ Que medidas se deben adoptar para frear a caída demográfica? ■ Como pode influír no índice de natalidade a chegada de inmigrantes?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicáraselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** Hoxe en día ter fillos supón unha redución tremenda do tempo e da capacidade de consumo de bens para gozo propio.
- B.** A inmigración pode ser unha das solucións ao envellecemento da poboación galega e ao problema demográfico en Galicia.
- C.** As políticas demográficas non acadarán grandes resultados se non se acompañan de melloras nas condicións sociolaborais da muller.
- D.** O que anima a poboación a ter fillos e facer proxectos de futuro son as expectativas de calidade de vida e viabilidade económica.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

Hoxe en día ter fillos supón unha redución tremenda do tempo e da capacidade de consumo de bens para gozo propio

- Pensa que as prioridades das persoas están cambiando? Por que?
- Parécelle que actualmente a xente é máis ou menos egoísta que noutras épocas? Por que?
- Por que cre que a xente nova non ve atractivo ter fillos? Por que decide non telos ou telos a maior idade?
- Considera que ter fillos hoxe en día é máis custoso que na época de seus pais ou de seus avós? Por que?
- Pensa que hoxe as familias estarían dispostas a ter tantos fillos como nos anos 50, 60 e 70, o que se coñece como o *baby boom*? Por que?
- Que consecuencias socioeconómicas pode ter o descenso da natalidade no mantemento do sistema de saúde, das pensións...?
- Parécelle que o consumismo repercutiu negativamente nas relacións humanas, en xeral, e familiares, en particular? Por que?

(Se procede)

- Cales son as prioridades das familias no seu país de orixe? Téñense máis ou menos fillos?

OPCIÓN B**A inmigración pode ser unha das solucións ao envellecemento da poboación galega e ao problema demográfico en Galicia**

- Pensa que a chegada a Galicia de poboación inmigrante será suficiente para paliar a crise demográfica? Por que?
- Cales cre que son as razóns polas que nos países menos desenvolvidos, dos que proceden moitas destas persoas, as familias teñen máis fillos/as?
- Parécelle que o concepto de familia é diferente nos países ricos e nos pobres? Por que?
- Considera que a cultura ou as crenzas relixiosas inflúen na decisión de ter máis ou menos fillos? Por que?
- Cre que as persoas que chegan doutros países se adaptan facilmente á forma de vida e aos costumes de Galicia? Por que?
- Pensa que o pasado emigrante dos galegos e galegas facilita a acollida e a integración das persoas procedentes doutros lugares? Por que?
- Que opina sobre o retorno a Galicia de moitas persoas descendentes de emigrantes galegos?

(Se procede)

- Tamén se dá un envellecemento da poboación no seu país de orixe ou predomina a poboación máis nova?

OPCIÓN C**As políticas demográficas non acadarán grandes resultados se non se acompañan de melloras nas condicións sociolaborais da muller**

- Pensa que a incorporación da muller ao mundo laboral influíu no descenso da natalidade? Por que?
- Como cre que repercutiu o uso de métodos anticonceptivos nos índices de natalidade?
- Cal sería para vostede o número de fillos/as máis adecuado? Por que?
- Considera que as baixas por maternidade e paternidade deben ser idénticas para os dous cónxuxes? Por que?
- Cre que as mulleres que viven no rural teñen máis facilidades para criar os fillos que as que viven en zonas urbanas ou ao revés? Por que?
- Que medidas tomaría vostede para axudarlles aos proxenitores na crianza dos fillos? (aumentar os permisos e as baixas por maternidade/paternidade, aumentar o número de gardarías...)
- Como cre que inflúe a aparición dos novos modelos de familia (monoparentais, parellas do mesmo sexo) no índice de natalidade?

(Se procede)

- Como son as baixas de maternidade e/ou paternidade no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

O que anima a poboación a ter fillos e facer proxectos de futuro son as expectativas de calidade de vida e viabilidade económica

- Que medidas considera máis necesarias para fomentar a natalidade: axudas económicas ou políticas de conciliación familiar e laboral? Por que?
- Que opina sobre as axudas que se lles conceden ás familias numerosas? Cre que, como noutro, debería haber premios á natalidade? Por que?
- Onde pensa que hai menos perspectivas de viabilidade económica para as familias, nas zonas rurais ou nas urbanas? Por que?
- Por que lle parece que, en xeral, nos países máis ricos e desenvolvidos o índice de natalidade é menor?
- Considera que a ideoloxía política ou as crenzas relixiosas influen na decisión de ter máis ou menos fillos? Por que?
- Que opina sobre a política de fillo único que se impuxo na China para limitar o número de nacementos?
- Que lle parece máis prexudicial para o planeta: a caída demográfica dalgúns países ou a superpoboación doutros?

(Se procede)

- Que medidas se toman no seu país de orixe para fomentar a natalidade? Por que?